



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE A APLICACIÓN DO ARTIGO 40.4 DA LEI 5/2024, DO 27 DE DECEMBRO, NO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2025-2026, COMPLEMENTARIAS DAS INSTRUCCIÓN XERAIS DE DATA 9 DE XANEIRO DE 2025

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de Medidas fiscais e administrativas, publicada no Diario Oficial de Galicia do 31 de decembro de 2024, no seu artigo 40.4, en relación ao número de alumnado nas respectivas unidades, recolle o seguinte:

"4. Non verán incrementado o seu número de alumnos/as reais respecto do número real que tivesen no curso anterior en toda a duración do período de aplicación do calendario indicado no número 1 aquelas aulas ás que aínda non lles sexa aplicable a redución de ratios segundo o calendario establecido. Exceptúanse desta regra os casos derivados das necesidades de escolarización de alumnado ou outros supostos apreciados pola Administración educativa."

Logo de rematar o pasado 20 de marzo o prazo ordinario de presentación de solicitudes do proceso de admisión para o vindeiro curso 2025/2026 e co obxecto de establecer nesta fase do procedemento, os supostos nos que procede aplicar a excepción contemplada no devandito artigo, esta Dirección Xeral, de conformidade coa disposición derradeira primeira da Orde do 21 de outubro de 2022, dita as seguintes,

INSTRUCCIÓNS:

Primeira. Conforme co disposto no artigo 40.4 da lei 5/2024, do 27 de decembro, exceptúanse da regra xeral reflectida neste artigo por existir necesidades de escolarización no centro e, polo tanto, xustifica a ampliación da oferta ata 25 alumnos/as por unidade en 6º de educación infantil e nos cursos de educación primaria, cando se cumpran os dous requisitos seguintes:

1. Que existan máis solicitudes de admisión presentadas en prazo (do 1 ao 20 de marzo) que prazas ofertadas.
2. Que logo de baremar todas as solicitudes recibidas e como consecuencia da ampliación das vacantes, poida admitirse a alumnado inicialmente non admitido que alegara e xustificara calquera dos criterios de baremo que se sinalan a seguir:

- Puntuación por domicilio familiar ou lugar de traballo na mesma área de influencia do centro solicitado en primeiro lugar
- Puntuación por irmá/irmán matriculado no centro solicitado en primeiro lugar

Segunda. Correspóndelle á inspección educativa ampliar e validar a oferta en cada centro e nivel educativo no que se dean as circunstancias que sinalan no punto primeiro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

